



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Resolución da Alcaldía

Expediente núm.: 1580/2018

Procedemento: Convocatoria e probas de selección de persoal laboral temporal en réxime de interinidade: 1 praza de Oficial de 1ª, Conductor Servizo Limpeza - Coordinador.

R E S O L U C I Ó N

Concluído o proceso convocado por Decreto da Alcaldía nº 2018/0884 de data 21 de decembro de 2018, e Decreto da Alcaldía nº 2019/003 de data 5 de xaneiro de 2019, publicados no BOP de Lugo número 295 de data 27/12/2018 e número 9 de data 11/01/2019, respectivamente, para a selección de unha praza de Oficial de 1ª, Conductor Servizo Limpeza - Coordinador, persoal laboral temporal en réxime de interinidade.

Vista a acta emitida en data 19 de febreiro de 2019 polo Tribunal cualificador do proceso selectivo, propoñendo o nomeamento dos seguintes aspirantes:

-DAVID GÓMEZ OROZA, con DNI núm. 33.998.630-F

Visto o Decreto da Alcaldía de data 25 de febreiro de 2019 de nomeamento e no que se solicita a presentación da documentación esixida no punto oitavo das bases reitoras do proceso de selección.

Tendo en conta que con data 26/02/2019 e 25/02/2019 foi presentada a documentación requirida no punto oitavo das bases reitoras do proceso de selección, por:

-DAVID GÓMEZ OROZA, 33.998.630-F (2019-E-RC 757 de 26/02/19)

Visto que en data 27.02.2019 emítese pola Intervención Municipal informe de fiscalización previa á contratación de persoal laboral temporal en réxime de interinidade para a praza de 2 operarios de obras no Concello de Foz.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais disposicións legais aplicables.

R E S O L V O

PRIMEIRO.- Nomear como persoal laboral temporal en réxime de interinidade para a praza de 1 Oficial de 1ª, Conductor Servizo Limpeza - Coordinador no Concello de Foz de: **DAVID GÓMEZ OROZA**, con DNI núm. 33.998.630-F, segundo o sinalado nas bases reitoras do proceso de selección convocado por Decreto da Alcaldía nº 2018/0884 de data 21 de decembro de 2018, e Decreto da Alcaldía nº 2019/003 de data 5 de xaneiro de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de reserva por orde de puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes para esta categoría:

1º DAVID GÓMEZ OROZA	33.998.630-F	11,80 Puntos
2º MARCOS RIVAS RODRÍGUEZ	44.431.537-E	10,00 Puntos
3º JUAN CARLOS GARCÍA DE GABRIEL	34.637.578-S	8,05 Puntos

TERCEIRO.- Dar conta a Intervención e ao Departamento de Persoal do Concello de Foz, aos efectos

precedentes, e ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que se celebre.

CUARTO.- Notificar aos interesados e publicar no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica.-

QUINTO.- Comunicar á ADL para a súa xestión a partir deste momento.

Mándao e asíno en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, do que eu, como Secretario, asino aos efectos da función de fe pública, de acordo co art. 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.-

O ALCALDE

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

A SECRETARIA

ANTÍA PENA DORADO